Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Prazá do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

RESOLUCION DA ALCALDIA DO CONCELLO DE TOMIÑO POLO QUE RESULTAN APROBADAS AS BASES DA CONVOCATORIA DUNHA BOLSA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO FORESTAL, ESPECIALIDADE EN EXPLOTACIÓNS FORESTAIS. CON DESTINO AO DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE DO CONCELLO DE TOMIÑO.

PRIMEIRA.- OBXECTO

Estas bases regulan o procedemento que se debe seguir para a concesión dunha bolsa de prácticas profesionais que ten por obxecto colaborar nas visitas, xestións administrativas e de atención ao público sobre os expedientes relativos a algún dos seguintes temas:

- Denuncias relacionadas coa Lei 3/2007 de prevención de incendios e a Ordenanza Municipal de xestión da biomasa.
- Comprobación do cumprimento ou non das obrigas de limpeza das parcelas en colaboración coa policía local.
- Medidas de prevención de incendios.
- Demandas de información sobre autorización de cortas e queimas.
- Tramitación dos expedientes de corta ou queimas en núcleos e sobre denuncias de vertidos incontrolados.
- Posta en práctica de medidas de ornato público.
- Elaborar coas comunidades de montes proxectos de posta en valor dos nosos espazos forestais.
- Información sobre a Lei de prevención de incendios, fundamentalmente sobre distancias do arboredo ás vivendas e obrigas dos propietarios forestais.
- Resolución de dúbidas catastrais e sobre planos de catastro, e requisitos para a solicitude de permisos de obra menor.

Seguindo en tódolos casos as instrucións facilitadas polos técnicos e responsables políticos dos seguintes departamentos: Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural.

SEGUNDA.- CONDICIÓNS DOS/AS ASPIRANTES

Poderá ser beneficiario/a desta bolsa aquelas persoas físicas que, tendo plena capacidade de obrar e non estando inhabilitadas para a obtención de axudas e subvencións públicas, reúnan os seguintes requisitos:

a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun dos países membros da Unión Europea.
b) Estar en posesión dun dos títulos seguintes, na data de remate do prazo de presentación de instancias:
Enxeñaría técnica forestal ou Grao en Enxeñaría Forestal especialidade en explotacións forestais ou calquera outro título equivalente noutro plan de estudos, expedido por Centros Oficiais de Ensino (neste último caso, será a

Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

persoa candidata a que deberá presentar xunto coa instancia a documentación acreditativa da devandita equivalencia).

c) Estar en posesión da titulación académica correspondente aos estudos obxecto da bolsa con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2007.
d) Non estar incapacitado fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa.
e) Non ter sido destinatario da citada bolsa noutras ocasións.
f) Acreditar o nivel Celga IV de galego ou equivalente.
g) Ter a disposición de asumir os gastos de desprazamento ao centro de traballo de destino.
h) Non incorrer en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

TERCEIRA.- DOTACIÓN ECONÓMICA

Esta bolsa conta cunha dotación económica de **800 €** brutos ao **mes**, cunha duración **de 7,5 meses** e como máximo ata o **31 de decembro de 2017**, que se imputará ás partidas correspondentes do orzamento municipal, a desenvolver durante o ano 2017.

O pagamento da bolsas ós/ás beneficiarios/as realizarase a partir da incorporación do bolseiro/a por mensualidades completas ou por fracción proporcional ao tempo de goce da bolsa, para os casos nos que o/a bolseiro/a inicie ou finalice a súa relación nunha data non coincidente co mes natural. Esta cantidade será incompatible con calquera outra actividade remunerada, independentemente da súa natureza.

Estas bolsas configúranse como subvencións deste Concello a persoas tituladas universitarias para que poidan aplicar durante as mesmas os coñecementos adquiridos na formación académica.

O Concello sufragará tamén, no seu caso os gastos de desprazamento e estancia orixinados pola realización, fóra do lugar de residencia, de determinados estudos e informes relacionados coa formación práctica da persoa bolseira, de acordo cos límites previstos no Real decreto 462/2002, de indemnizacións por razón do servizo.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As instancias solicitando tomar parte no concurso dirixiranse á Sra. Alcaldesa do Concello de Tomiño no modelo que ao efecto elabore o Concello de Tomiño e presentaranse no rexistro do Concello **no prazo de cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria **no Atlántico Diario**, procedéndose a publicar as mesmas na páxina web do Concello www.concellotomino.com.

Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Prazâ do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

Á instancia xuntarase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, ou calquera outro que o substitúa.
b) Documento acreditativo de estar en posesión da titulación esixida ou en condicións de obtela na data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.
c) Certificado do expediente académico correspondente co título achegado, onde figure a nota media, currículo e documentación acreditativa deste.
d) Certificado ou declaración xurada do/da solicitante que acredite non estar incapacitado/a fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade que constitúa o obxecto da bolsa.
e) Certificado acreditativo do nivel correspondente de coñecemento da lingua galega.
f) Declaración xurada na que a persoa interesada se compromete a renunciar, en caso de ser seleccionada, a calquera tipo de actividade remunerada durante a vixencia da bolsa.
g) Declaración xurada de ter a disposición de asumir os gastos de desprazamento ao centro de traballo de destino
h) Declaración xurada de que os datos consignados na solicitude son certos e que reúne as condicións esixidas para o acceso ás bolsas de práctica laboral desta convocatoria.
i) Currículo actualizado.

As solicitudes tamén poderán presentarse nas formas previstas na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. No caso de que a instancia non se presente directamente no Rexistro Xeral do Concello, o/a aspirante terá a obriga de dirixir por FAX, ao 986622530 unha copia da instancia con anterioridade ao remate do prazo.

En calquera caso a documentación e instancias non presentadas persoalmente no Rexistro Xeral, deberán atoparse fisicamente neste Concello transcorridos catro días hábiles dende aquel no que remate o prazo para presentar a correspondente solicitude.

As persoas solicitantes estarán, en canto á presentación das instancias, ao disposto no artigo 23, nos apartados 3,4 e 5 da Lei Xeral de Subvencións (LXS), en todo o que sexa aplicable, ademais do recollido nesta cláusula.

QUINTA.- EMENDAS.

Unha vez expirado o prazo de presentación de instancias o Concello ditará unha resolución na que se declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas, especificando no seu caso os motivos de exclusión. Este documento publicarase en www.tomino.gal.

As persoas excluídas ou omitidas disporán dun prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar o defecto que motivase a súa exclusión. No suposto de se produciren reclamacións deberá ditarse unha nova resolución que as estime ou desestime e que aprobe a lista definitiva, que será publicada na web do Concello.

Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Prazá do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

Dentro deste prazo poderán emendar os defectos formais da documentación acreditativa dos méritos e requisitos alegados na presentación de instancias, pero en ningún caso se poderán acreditar méritos non alegados xunto coa solicitude.

O feito de figurar na relación de admisión non significa que se lles recoñeza ás persoas interesadas o cumprimento dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que poderán ser requiridos documentalmente no suposto de que a candidatura que fose admitida supere as probas selectivas.

SEXTA.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

Para poder valorar os méritos achegados polos/as interesados/as constituirase unha Comisión de Selección, que estará integrada polos seguintes membros:

Presidente:	A Interventora municipal
Vogal:	Arquitecto municipal.
Vogal:	Arquitecto técnico municipal.
Vogal	A AEDL deste Concello
Secretario:	Secretaria do Concello.

Todos os membros terán voz e voto.

A Comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros.

SÉTIMA.- SELECCIÓN DO/A BOLSEIRO/A

A selección dos/as bolseiros/as efectuarase mediante a valoración de méritos acreditados polas persoas admitidas e dunha entrevista persoal.

A valoración dos méritos realizarase conforme aos seguintes criterios e ata un máximo de 10 puntos:

a) Expediente Académico: ata un máximo de 4 puntos, no caso de que non se acredite a devandita nota media debidamente, este apartado valorarase con 0 puntos.
b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa, 2,00 puntos
c) Por cada máster universitario relacionado co contido da bolsa, 0,50 puntos por cada un, ata un máximo de 2 puntos
d) Por posuír unha titulación académica distinta e relacionada coas prácticas que se van desenvolver, de nivel igual ou superior á esixida no expediente da bolsa á que opta, 0,50 puntos por título ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior)
e) Por transcorrer catro ou máis anos desde a finalización dos estudos universitarios, 1 punto
f) Por transcorrer entre tres e catro anos desde a finalización dos estudos universitarios, 0,90 puntos

Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

g) Se transcorreron entre dous e tres anos desde a finalización dos estudos universitarios, 0,80 puntos
h) Se transcorreron menos de dous anos desde a finalización dos estudos universitarios, 0,70 puntos
i) Se transcorreu menos dun ano desde a finalización dos estudos universitarios, 0,60 puntos.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de licenciatura, arquitectura ou enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan unha resolución oficial da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco Español de Cualificación para a Educación Superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

Pasarán á fase de entrevista as persoas que acaden as 5 mellores puntuacións na valoración de méritos. En caso de empate nas puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase pola maior puntuación acadada na nota media global do expediente académico.

A entrevista será puntuada entre 0 e 3 puntos, e nela a Comisión Seleccionadora formulará cantas preguntas considere oportunas, sobre aspectos relacionados co currículo e coas labores de desempeño da bolsa, a fin de determinar a súa idoneidade e na que os/as aspirantes poderán facer a súa exposición curricular. Tamén se poderá valorar no transcurso desta o grado de formación relacionado coa administración local así como as aptitudes e actitudes da persoa, co obxecto de poder colaborar cos demais técnicos municipais, cos responsables políticos das distintas áreas e cos representantes de comunidades de montes e de poder realizar unha adecuada atención ao público e iniciativa.

Son precisos coñecementos de Informática tales como Windows, Word, Excel, etc.

Concluída esta fase, a Comisión Seleccionadora publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello de Tomiño e na páxina www.tomino.gal o listado de puntuacións obtidas.

A decisión da Comisión deberá producirse antes de que transcorran dous meses, contados a partir da publicación da convocatoria.

OITAVA.- RESOLUCIÓN

A Comisión Seleccionadora proporalle ao órgano competente para a resolución do procedemento a adxudicación desta bolsa á persoa aspirante que acadara a máxima puntuación de acordo co especificado na cláusula sétima das presentes Bases.

A resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Tomiño e na páxina web www.tomino.gal, xunto coa listaxe das persoas candidatas suplentes para os casos de renuncia, incumprimento de obrigas, incapacidade sobrevida ou calquera outra causa que implique a perda da condición de bolseiro/a.

Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Prazá do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

Contra esta resolución poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, de conformidade co disposto nos artigos 112, 123 e 124 da LPACAP, ou, directamente, un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

NOVENA.- CONDICIÓNS XERAIS

Establécense as seguintes condicións :

a) A bolsa terán unha duración de 7,5 meses a contar desde a data na que o/a adxudicatario/a inicie o seu desempeño no Concello de Tomiño, e como máximo ate o 31 de decembro de 2017

b) O/A beneficiario/a da bolsa comprometerase a observar as normas que para o desenvolvemento das súas funcións estipulen os Concelleiros responsables.

c) A aceptación e goce desta bolsa non establece relación laboral nin funcionarial co Concello de Tomiño, non implicando en consecuencia ningún compromiso para unha posterior incorporación ou vinculación de dito/a bolseiro/a ao expresado organismo.

d) Á dotación económica de 800,00 € brutos mensuais que se pagará por mensualidades vencidas, aplicaráseile as retencións e cotizacións oportunas que correspondan ao bolseiro.

e) As bolsas serán incompatibles con calquera outra actividade remunerada, calquera que sexa a súa natureza, excepto as indemnizacións por razón do servizo que deberá sufragar a entidade

f) As persoas beneficiarias comprometeranse a observar o horario e a disciplina do Concello de Tomiño, sen que poida superar as 37,50 horas semanais.

DÉCIMA.- REVOGACIÓN E REINTEGRO DA BOLSA.

En calquera momento a alcaldesa poderá, a proposta dos técnicos do departamento de urbanismo e/ou dos Concelleiros responsables das áreas de urbanismo, medio ambiente ou medio rural e mediante unha resolución motivada, revogarlle a bolsa á persoa adxudicataria que non cumpra debidamente as condicións esixidas nestas Bases ou as normas xerais de funcionamento do Concello de Tomiño, aténdose ao establecido nos artigos 36 e seguintes da LXS, e suspendendo o aboamento da bolsa.

Neste senso, daranse por finalizadas as prácticas cando concorra algunha das seguintes causas:

1.—Renuncia voluntaria por parte da persoa bolseira. Esta implicará a perda dos dereitos formativos e económicos que puidesen corresponderlle.

2.—Renuncia do Concello supeditada á existencia de motivos xustificados.

3.—Incumprimento das obrigas dalgunha das partes.

4.—Baixa por incapacidade temporal de duración superior a trinta días ou, no caso de maternidade, de duración superior a seis semanas.

5.—Acordo entre a entidade e a bolseira ou bolseiro.

En caso de que a persoa beneficiaria incumpra as condicións impostas para a concesión e a execución da bolsa, concorrendo nalgunha das causas previstas no artigo 37 da LXS, poderá esixirse o reintegro total desta.

Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

DÉCIMO PRIMEIRA. SUSPENSIÓN

En caso de maternidade, enfermidade ou accidente, a bolseira ou bolseiro percibirá a prestación correspondente da Seguridade Social. Nese caso, o Concello de Tomiño non complementará ningunha cantidade adicional á citada prestación.

Esta situación non ocasionará a finalización das prácticas, salvo que a ausencia exceda os trinta días nos casos de enfermidade ou accidente e as dezaseis semanas no caso de maternidade. No suposto de que se supere este prazo o organismo provincial poderá dar por concluída a práctica laboral.

DÉCIMO SEGUNDA. OBRIGAS E DEREITOS DA PERSOA BOLSEIRA

As súas obrigas son as seguintes:

1.—Incorporarse á entidade na data sinalada

2.—Respectar, en todo momento, a normativa da entidade, seguindo as instrucións que lle dean.

3.—Desenvolver unha actitude favorable e aplicarse con total dilixencia e aproveitamento.

4.—Observar e cumprir o horario das prácticas co fin de non entorpecer o labor do persoal do centro, mediante pegada dixital na aplicación Portal Horario do Concello de Tomiño.

5.—Cumprir as medidas de prevención que en cada caso se deban adoptar, pola súa propia seguridade e saúde e pola daquelas outras persoas ás que lles poida afectar a súa actividade por causa dos seus actos ou omisións.

6.—Usar adecuadamente as máquinas, aparellos, ferramentas, substancias perigosas etc. que utilice no seu posto, de acordo coas instrucións do fabricante ou persoa responsable do Concello.

7.—Utilizar correctamente os medios e equipos de protección facilitados pola entidade, de acordo coas instrucións recibidas.

8.—Gardar con absoluto rigor o segredo profesional sobre as informacións que poida chegar a coñecer en relación coa actividade que desenvolva.

9.—Asistir ás accións formativas relacionadas coas súas prácticas que lle indiquen os responsables do Concello, dentro da xornada laboral.

10.—En caso de enfermidade ou accidente, a persoa bolseira deberá comunicarlle a súa situación ao Concello de Tomiño presentando o oportuno parte médico xustificativo

11.—En caso de renuncia, a persoa bolseira está obrigada a comunicarllo ao Concello de Tomiño con 7 días hábiles de antelación

12.—Achegar ao Concello de Tomiño unha copia da vida laboral actualizada unha vez transcorridos tres meses desde a finalización das prácticas.

Son dereitos da persoa bolseira os seguintes:

1.—Recibir información sobre a forma de proceder en caso de emerxencia, primeiros auxilios ou evacuación.

2.—Recibir formación en materia preventiva e sobre as instalacións nas que se desenvolven as prácticas.

Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

3.—Gozar do permiso necesario para a realización de exames de carácter oficial, achegando a correspondente xustificación.
4.—Gozar dun permiso de 2 días hábiles de descanso por cada mes de prácticas, que se poderán solicitar de forma independente por meses ou ao final do período.

DÉCIMO TERCEIRA. OBRIGAS DO CONCELLO DE TOMIÑO.

1.—Confeccionar e cumprir fielmente o proxecto ou programa formativo
2.—Facerse cargo da xestión, coordinación e seguimento das prácticas
3.—Designar unha persoa coa titulación académica adecuada ou experiencia laboral suficiente, con vinculación acreditada co centro de destino, para que actúe como persoa titora, e que se encargará de facilitarlle á persoa bolseira a súa integración neste, deberá asesorala nos momentos que necesite, velar pola súa formación e polo cumprimento da práctica, supervisando as tarefas desempeñadas e informando, cando proceda, á Deputación. A persoa titora deberá estar permanentemente ao tanto de todas as tarefas que se lle encomenden e procurar que non se lle asignen traballos que estean fóra da súa responsabilidade como persoa bolseira.
4.—Facilitarlle á persoa bolseira os medios e recursos necesarios para a realización das prácticas e destinala ás actividades previstas no proxecto ou programa formativo.
5.—Garantir unha protección eficaz en materia de seguridade e saúde.
6.—Velar polo cumprimento das medidas de prevención e polo uso adecuado das máquinas, aparellos, ferramentas, substancias perigosas etc. que utilice a persoa bolseira na realización das prácticas.
7.—Conceder permiso á persoa bolseira para a realización de exames de carácter oficial, sempre e cando esta presente a correspondente xustificación.
8.—Permitir á persoa bolseira a asistencia a accións formativas relacionadas coa súa titulación.
9.—Fomentar e promover actividades relacionadas co proceso de formación da persoa bolseira.
10.—Conceder dous días hábiles ao mes de descanso, que poderán gozar dentro do período de duración da práctica e que serán independentes dos períodos mínimos de descanso semanal.
11.—Sufragar os gastos de desprazamento e se fose necesario, de estancia, orixinados pola realización de determinados traballos, estudos ou informes relacionados coa formación práctica da persoa bolseira, fóra da oficina ou dependencia da entidade na que de forma habitual se desenvolven as prácticas, de acordo cos límites previstos no Real decreto 462/2002, de indemnizacións por razón do servizo.

DÉCIMO CUARTA. RESPONSABILIDADES

A persoa beneficiaria desta bolsa estará sometida ás responsabilidades e ao réxime sancionador que, sobre infraccións administrativas en materia de subvencións, establecen os artigos do 52 ao 69 da LXS.

Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
Tel 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

DÉCIMO QUINTA.- DEVOLUCIÓN DA DOCUMENTACIÓN

No caso de non obter a bolsa ofertada, os/as candidatos/as poderán retirar a documentación presentada para participar nesta convocatoria no prazo de tres (3) meses, contados dende o día seguinte ó da comunicación da adxudicación da bolsa. Transcorrido este prazo, o Concello de Tomiño resérvase o dereito a destruír dita documentación.

DÉCIMO SEXTA.- INTERPRETACIÓN DAS BASES

A Comisión quedará autorizada para resolver as dúbidas que se lle presenten e tomar os acordos necesarios para o desenvolvemento do concurso así como o non previsto nas presentes Bases.

DÉCIMO SÉTIMO.- DEREITO SUPLETORIO

A convocatoria da bolsa e a selección do/a bolseiro/a e a realización dos traballos que dan dereito á bolsa, suxeitaranse ó previsto nas presentes Bases, e ademais, ó previsto na Lei Xeral de Subvencións e na Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TOMIÑO, 3 DE MAIO DO 2017
A alcaldesa

Sandra González Álvarez

CONCELLO DE TOMIÑO
PONTEVEDRA

Concello de Tomiño
PONTEVEDRA

P-3605400-E
Praza do Seixo
☎ 986 622 001
Fax 986 622 530
C.P. 36740

tomino@concellos.depontevedra.es

D./Dª.:		
Idade:	DNI:	Teléfono:
Domicilio:		

EXPÓN:
1º.- Que coñece as bases aprobadas por resolución da Alcaldía de data 3/5/2017, que acata en tódolos seus termos e polas que se aproba unha bolsa de **Enxeñeiro/a técnico forestal, da especialidade de explotacións forestais.**

DECLARA:
- ☐ Non estar incapacitado fisicamente ou padecer enfermidade que poida impedir o desenvolvemento da actividade obxecto da bolsa.
- ☐ Non ter sido destinatario da citada bolsa noutras ocasións.
- ☐ Non incorrer en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- ☐ O compromiso a renunciar, en caso de ser seleccionada/o, a calquera tipo de actividade remunerada durante a vixencia da bolsa.
- ☐ Ter a disposición de asumir os gastos de desprazamento ao centro de traballo de destino.
- ☐ Que todos os datos consignados na solicitude son certos e reúno as condicións esixidas para o acceso á bolsa de práctica laboral desta convocatoria.

SOLICITA:
Ser admitido/a na selección de referencia, para o que xunto aos oportunos efectos a seguinte documentación:
- Copia do DNI.
- Documento acreditativo de estar en posesión da titulación esixida.
- Certificado acreditativo do nivel correspondente de coñecemento da lingua galega.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados.
- Currículo.

Tomiño, _____ de maio de 2017

O/A SOLICITANTE,

Asdo.: _____

SRA. ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE TOMIÑO